

REGULAMENTO DE RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS POR REALIZAR ACTIVIDADES UNIVERSITARIAS CULTURAIS, DEPORTIVAS, DE REPRESENTACIÓN ESTUDANTIL, SOLIDARIAS E DE COOPERACIÓN

Aprobado no Consello de Goberno o 10/10/16

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, reformada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, establece, no seu artigo 46.2.i, o dereito do estudantado a «obter recoñecemento académico pola súa participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación».

O Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010, no seu artigo 12.8 establece que o estudantado poderá obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Para estes efectos, o plan de estudos deberá recoller a posibilidade de que cada estudante obteña un recoñecemento de polo menos 6 créditos, sobre o total do devandito plan de estudos, pola participación nas mencionadas actividades.

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do 23 de xullo de 2008, aprobou a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior (EEES). Posteriormente, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do 20 de abril de 2009, aprobou a normativa de recoñecemento de créditos por actividades en titulacións oficiais de grao da Universidade de Vigo para adaptar a normativa anterior a este novo escenario, normativa que foi modificada por acordo do Consello de Goberno do 21 de xullo de 2011 (Resolución reitoral do 12 de setembro). Finalmente, mediante a Resolución reitoral do 2 de abril de 2013, publícase unha recompilación de toda a normativa relativa a esta materia, vixente na actualidade.

Despois dun tempo prudencial de adaptación aos novos estudos de grao e unha vez vistas as diferentes casuísticas formuladas ao longo deste tempo, cómpre regular as actividades concretas obxecto do recoñecemento, así como establecer o procedemento que regule as citadas actividades mediante un texto refundido e actualizado que substitúa os anteriores aprobados polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. Esta normativa regula o recoñecemento académico da participación do alumnado da Universidade de Vigo en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación.
2. Para aplicar o presente regulamento, consideraranse actividades universitarias as que, sendo organizadas ou coorganizadas pola Universidade de Vigo ou por unha institución de educación superior coa que se teña asinado o correspondente convenio de recoñecemento mutuo, contribúan ao desenvolvemento persoal e á formación integral do estudantado de xeito complementario aos seus estudos.
3. Entenderase por actividades coorganizadas pola Universidade de Vigo aquelas organizadas ao abeiro dun acordo de organización conxunta asinado pola Universidade de Vigo.
4. A simple colaboración da Universidade de Vigo na organización dunha actividade organizada por outra entidade, ou a simple participación de membros da Universidade de Vigo na organización de

actividades organizadas por outra entidade, non a converte nunha actividade universitaria susceptible de recoñecemento.

5. As actividades susceptibles de recoñecemento deberán realizarse en simultaneidade cos estudos da titulación ás que se queiran incorporar os créditos recoñecidos. No caso de traslado de expediente, os créditos recoñecidos por actividades na titulación de orixe terán efecto na titulación de destino. En calquera caso, cada actividade poderá ser obxecto de recoñecemento unha soa vez e, no caso de simultaneidade de estudos, só será efectivo nunha delas.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. O presente regulamento aplicaráselles ás ensinanzas oficiais de grao universitario.
2. As actividades universitarias susceptibles de recoñecemento serano para todo o estudantado da Universidade de Vigo, independentemente do grao cursado.

Artigo 3. Órgano competente

O recoñecemento de créditos por actividades universitarias obxecto do presente regulamento é competencia da vicerreitoría con competencias en extensión universitaria tras o informe, de ser o caso, da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes.

Artigo 4. Número de créditos que se recoñecerán

1. O alumnado da Universidade de Vigo poderá solicitar o recoñecemento académico de créditos optativos por actividades das referidas no artigo 1 por un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.
2. Independentemente do recoñecemento indicado no punto anterior, o alumnado da Universidade de Vigo poderá solicitar o recoñecemento académico de ata un máximo de 6 créditos optativos por formación en idiomas, sempre que a citada formación se realice ao longo da súa permanencia na universidade e esta impartida pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, por un centro de linguas universitario acreditado pola Confederación Europea de Centros de Linguas de Ensino Superior, ou por unha escola oficial de idiomas ou centro oficial equivalente noutro país.
3. No caso en que a memoria de verificación da titulación correspondente fixe un número máximo de créditos para recoñecer por actividades universitarias menor de doce créditos, aplicarase o máximo recollido na memoria de verificación. Neste caso, o estudantado poderá solicitar o recoñecemento de créditos por actividades universitarias segundo o indicado en calquera dos puntos 1 e 2 anteriores ata completar o devandito máximo.
4. Os créditos recoñecidos incorporaranse ao expediente académico como créditos optativos da titulación.

Artigo 5. Horas de formación por crédito

1. No recoñecemento das actividades universitarias ás que se refire o artigo 1 adxudicarase un crédito por cada 30 horas de traballo do alumnado. Nesa cantidade considerarase todo o volume de traballo que debe desenvolver o alumnado para acadar os obxectivos da actividade.
2. O estudantado poderá acumular horas de traballo de actividades da mesma natureza («cultural», «deportiva», «de representación estudantil», «solidaria ou de cooperación» ou «formación en idiomas») ata acadar un mínimo de 30 horas, sempre que as citadas actividades requiran individualmente máis de cinco horas de traballo do alumnado.
3. En ningún caso recoñeceranse actividades universitarias individuais que requiran unha dedicación efectiva do estudantado menor de 30 horas (1 crédito).

Artigo 6. Cualificación dos créditos recoñecidos

1. Os créditos recoñecidos serán rexistrados no expediente académico e no suplemento europeo ao título coa anotación de «recoñecidos» engadindo a denominación da actividade correspondente e a natureza desta como «cultural», «deportiva», «de representación estudiantil», «solidaria ou de cooperación» ou «formación en idiomas».
2. En aplicación do artigo 5.5 do Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional (BOE do 18 de setembro de 2003), os recoñecementos regulados neste regulamento non se terán en conta no cálculo da nota media do expediente.

TÍTULO II. ACTIVIDADES OBXECTO DE RECOÑECIMIENTO

Artigo 7. Actividades universitarias culturais

Serán obxecto de recoñecemento directo as actividades culturais universitarias seguintes:

1. Pertenza ao Coro Universitario da Universidade de Vigo. Recoñeceranse 1,5 créditos por cuatrimestre, e deberase acreditar a asistencia, como mínimo, ao 80 % dos ensaios e ao 60 % das actuacións.
2. Asistencia a obradoiros e a cursos de extensión universitaria organizados pola Universidade de Vigo en calquera dos seus campus. Así mesmo, serán susceptibles de recoñecemento a asistencia a actividades da mesma natureza desenvolvidas por institucións de ensino superior universitario coas que a Universidade de Vigo teña establecido un convenio ou un acordo de recoñecemento recíproco das devanditas actividades. Recoñecerase 1 crédito por cada 30 horas computables.
3. Asistencia a cursos de idiomas dos recollidos no artigo 4.2. Recoñecerase con 1 crédito por cada 30 horas computables.
4. Participación como asistentes ou na organización ou desenvolvemento doutras actividades culturais organizadas ou coorganizadas pola Universidade de Vigo, a criterio da vicerreitoría con competencias en extensión universitaria tras o informe vinculante da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes. Recoñecerase 1 crédito por cada 30 horas computables. A Comisión de Extensión Universitaria fará públicos os criterios utilizados para cualificar unha actividade concreta ou un tipo de actividades como susceptibles de recoñecemento.
5. No referente ás actividades enumeradas nos puntos 2, 3 e 4 do presente artigo non terán dereito a recoñecemento na formación ou na actividade que teña idéntica denominación ou contido a outra xa recoñecida anteriormente á mesma persoa.
6. O recoñecemento de créditos polas actividades culturais recollidas nos puntos 2, 3 e 4 requirirá presentar a correspondente acreditación expedida pola persoa responsable da actividade que reflicta a participación de quen o solicite e onde se fará constar o número de horas de traballo do alumnado.

Artigo 8. Actividades universitarias deportivas

1. Recoñeceranse as actividades físico-deportivas universitarias aprobadas pola vicerreitoría con competencia na materia, por proposta da Área de Deportes, que contribúan a algún dos seguintes obxectivos:
 - Adquirir ou consolidar hábitos de vida máis activos e saudables.
 - Desenvolver competencias transversais relevantes na formación integral do alumnado.
 - Proxectar os valores da universidade no resto da sociedade a través da colaboración en eventos físico-deportivos ou da participación en competicións deportivas.

As citadas actividades deberán estar vinculadas a un proceso formativo con programación estruturada e susceptible de ser avaliado.

2. As actividades deportivas que sexan obxecto de recoñecemento deberán ser acreditadas pola vicerreitoría competente en deportes en cada un dos campus, e co visto e prace da xefatura do Servizo de Extensión Universitaria ou da persoa que teña estas atribucións. O recoñecemento de créditos por estas actividades requirirá presentar a correspondente acreditación expedida pola Área de Deportes que reflecta a participación de quen o solicite e onde se fará constar o número de horas de dedicación.
3. Recoñecerase 1 crédito por cada 30 horas computables.

Artigo 9. Actividades de representación estudantil

1. Será obxecto de recoñecemento académico a representación estudantil en órganos colexiados ou de representación da Universidade de Vigo que estean recoñecidos no Estatuto do estudante universitario, nos Estatutos da Universidade de Vigo, nos regulamentos da Universidade de Vigo ou ben nas súas comisións delegadas.
2. Recoñecerase 1 crédito por curso académico por exercer o cargo de delegado ou subdelegado de curso, titulación, facultade ou escola.
3. Recoñecerase 1 crédito por curso académico pola pertenza ao Consello Social, Tribunal de Garantías, Consello de Goberno, Xunta de Centro ou Titulaci Consello de Departamento.
4. Recoñecerase 1 crédito por mandato pola pertenza ao Claustro Universitario.
5. Recoñecerase 1 crédito por curso académico pola pertenza a unha comisión regulada da Universidade de Vigo ou a unha comisión delegada do Consello de Goberno, Xunta de Centro ou Consello de Departamento.
6. Os recoñecementos recollidos nos puntos 3 e 5 requirirán a asistencia, cando menos, ao 75 % das sesións convocadas.
7. As actividades de representación estudantil obxecto de recoñecemento deberán ser acreditadas mediante a oportuna certificación unha vez asinada pola secretaría do órgano en cuestión.

Artigo 10. Actividades solidarias e de cooperación

1. Terán recoñecemento académico as actividades que se desenvolvan na Universidade de Vigo e que teñan como obxecto a solidariedade e a cooperación, nomeadamente as actividades de voluntariado. Asemade, recoñeceranse as actividades solidarias e de cooperación que se desenvolvan no seo dunha entidade ou dunha organización que, no momento da solicitude do recoñecemento, teña establecido un acordo ou un convenio coa Universidade de Vigo para tal fin.
2. A acreditación do desenvolvemento da actividade corresponderalle á vicerreitoría competente e co visto e prace da xefatura do Servizo de Extensión Universitaria ou da persoa que teña estas atribucións.
3. Recoñecerase 1 crédito por cada 30 horas de formación en temas de solidariedade ou cooperación, e 1 crédito por cada 30 horas efectivas de actividades solidarias ou de cooperación.

Artigo 11. Procedemento

1. Unha vez aprobadas as actividades polo órgano competente en cada caso, deberase informar a xefatura do Servizo de Extensión Universitaria da relación destas para os efectos de que se inclúan no sistema de xestión académica, a excepción das actividades de representación estudantil e de participación no coro que xa figuran incluídas de forma automática.
2. O Servizo de Extensión Universitaria levará os trámites necesarios para facerlles efectiva esta inclusión e notificación aos centros unha vez realizada.

3. O recoñecemento de créditos ao alumnado realizarase no centro onde se imparta a titulación en que se pretenda recoñecer. Cada estudante terá que presentar o certificado de aproveitamento da actividade xunto co formulario de solicitude de recoñecemento.

Artigo 12. Recoñecemento de actividades universitarias non recollidas no presente Regulamento.

Os membros do estudantado da Universidade de Vigo que realicen actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias ou de cooperación non recollidas no presente regulamento, poderán solicitar o seu recoñecemento a título individual á vicerreitoría con competencias en estudantes, previo informe favorable da persoa responsable da titulación de grao á que se pretenda incorporar os créditos recoñecidos.

Artigo 13. Prevalencia das memorias de acreditación.

No caso de que as memorias de acreditación das titulacións de grao establezan criterios para o recoñecemento de actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación diferentes do estipulado no presente Regulamento, prevalecerá o recollido en ditas memorias de acreditación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira

Para o recoñecemento de créditos de libre elección en titulacións que se van extinguir, aplicarase a normativa aprobada na xunta de goberno do 10 de febreiro de 2000, modificada pola xunta de goberno do 2 de outubro de 2001 e polo consello de goberno do 20 de abril de 2009.

Segunda

Non se aplicará en ningún caso a equivalencia entre créditos de libre elección e créditos ECTS.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única

Este regulamento deixa sen efecto calquera normativa aprobada con anterioridade pola Universidade de Vigo en materia de recoñecemento de créditos ECTS por actividades culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación en estudos de grao.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Única

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte de que o aprobe o Consello de Goberno.